Liquidambar orientalis Mill., 1768

- liquidámbar oriental
- liquidámbar oriental
- ekialdeko liro
- liquidàmbar oriental
- Oriental sweet gum tree
- liquidâmbar oriental



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX | ES | CR | **EP** | VU | CA | PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Saxifragales**	**Altingiaceae**	***Liquidambar***

ORIXE

Leste do Mediterráneo.

CARACTERÍSTICAS

Árbore caducifolia monoica, de 10 a 35 m de altura. Copa cónica regular, que se torna oval ou redondeada coa idade. Tronco recto con codia inicialmente lisa, marrón-agrisada, que se fisura e escurece coa idade. Follas alternas, de 5-12 x 6-13 cm, palmatífidas, glabras na superficie superior e case glabras na inferior. Flores inicialmente verdosas. As femininas nacen en pedúnculos delgados en cabezas globosas solitarias compostas por numerosos pistilos. As masculinas están dispostas en acios terminais de 3,5 a 4,5 cm de longo, con numerosos estames con anteras basifixas. Infrutescencias en sincarpos péndulos e globosos. Sementes de 4,5 a 5,5 mm de longo, cunha á estreita, brillantes por riba e algo rugosas por debaixo. Florece de marzo a abril.

HÁBITAT

Chairas inundables, lugares pantanosos, ladeiras de vales preto de regatos e bosques aluviais encharcados. Tamén se atopa en ladeiras, matogueiras e solo seco.

DISTRIBUCIÓN

Dende o noreste ao sur de Turquía tamén na illa grega de Rodas e outras próximas. Plántase como ornamental noutros países europeos con clima adecuado.

CURIOSIDADES

O bálsamo "*estorax*", que se produce ferindo a codia, utilízase como antiséptico, fumigante, psicotónico, desinfectante e como tratamento para a enurese nocturna.